

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DO C.E.I.P. ANTONIO FERNÁNDEZ LÓPEZ DE OURAL

METODOLOXÍA PARA CENTRAR A ATENCIÒN

- Crear un clima de confianza e seguridade
- Atraer a súa atención constantemente con exercicios motivadores
- Traballar con períodos cortos de tempo, cambiando continuamente de actividade
- Empregar materiais que atraigan o seu interés. Por exemplo, os recursos manipulativos son adecuados para a adquisición dos conceptos matemáticos
- Traballo reiterativo, repetindo unha e outra vez os exercicios. Isto axudaralle a asimilar mellor os conceptos.

EXERCICIOS NA AREA DE LINGUA

- Enunciar frases curtas e claras, co fin de que consiga comprendelas. Empregaremos unha linguaxe sinxela, tendo en conta as dificultades de comprensión e expresión.
- Formular preguntas relacionadas co tema, que sexan claramente comprensibles
- Facerlles reflexionar antes de dar unha resposta
- Empregar fotos, dibuxos , láminas... que lle permita reter con maior facilidade
- Manter a conversación que se leva a cabo e non permitirle que cambie a outro tema
- Empregar un método global para a aprendizaxe da lecto-escritura

Para estimular a atención dos rapaces e rapazas son aconsellables tarefas como:

- Facer construcións con figuras xeométricas, logo que as represente no papel
- Seriacións de cores, con todo tipo de material (macarróns, bolas, lápices...)
- Facer observacións e comparacións coas construcións, respostando a cuestións sobre elas:- ¿en qué se parecen? - ¿cal é mais grande?...
- Xogos de cartas para identificar os números:

-xogar ó maior número

- xogar ó menor
- construír unha escaleira

- Recorridos con obstáculos (sillas, coxíns...)
- Recortado por liñas previamente definidas
- Picado
- Plegado
- Exercicios de discriminar a figura-fondo
- Traballar a lateralidade
- Traballar a estruturación espacio-temporal
- orientación visual-auditiva
- recepción de obxectos
- organización secuencial de movementos e de ritmos
- conservación de distancias

TRUCOS PARA NON DISTRAERSE

- O silencio axuda moito a **ATENDER**. Evita os ruidos.
- escoitar é tamén unha boa maneira de **ATENDER**.
- Mirar á cara de quen che fala, tamén é unha boa **ATENCIÓN**.
- Algunhas tarefas precisan máis tempo de **ATENCIÓN**.
- Podes descansar un pouco e despois seguir con **ATENCIÓN** a tarefa.

A orientadora